

Os contos para nenos xa teñen a súa propia casa editorial en galego. O grupo "Kalandraka" vén de engadir dous novos títulos ó catálogo que comezou a artellar hai dous meses co obxectivo de encher un oco nos eidos educativo e cultural do país.

Cóntalle un conto na súa lingua propia



Unha páxina de "O ladrón de voces", unha das últimas obras editadas pola editorial Kalandraka.

IVÁN LEIS

Un conto é un bálsamo contra o medo, unha preparación á vida, un bó xeito de comunicarse cos semellantes e tamén un exercicio de memoria e imaxinación. Sen contos non habería infancia nin cultura. Daí a necesidade de fomentalo gusto por esta tradición tan vella como a humanidade.

O grupo Kalandraka, fundado a partir dun grupo de mestres vencellados ó teatro, acaba de engadir dous novos contos ó catálogo que iniciou a súa andadura hai a penas dous meses co obxectivo de enche-lo baleiro de literatura infantil no mercado editorial galego. Kalandraka naceu hai dez anos como Escola de Expresión Dramática nas aulas de Formación do Profesorado de Pontevedra, e ó longo deste tempo desenrolou actividades de teatro para os máis cativos, amais de espectáculos de contos e de animación á lectura.

Manuela Rodríguez, directora da recién creada editorial, explica que a iniciativa de montala surxiu cando este grupo de mestres se atopou sen material específico en galego, "o que supuña unha eiva

respecto á produción de literatura infantil en Cataluña, Euskadi e o resto do Estado".

As primeiras coleccións que edita Kalandraka están pensadas para animar á lectura ós máis novos, con libros a toda cor, encadernados en cartón e cun axeitado equilibrio entre textos e ilustracións. "Queremos ir pouco a pouco cubrindo ese oco que deixaron as editoriais galegas, e ó tempo dar campo a novos ilustradores, escritores, creadores e deseñadores", engade Rodríguez.

En concreto, Kalandraka espera recibir propostas por parte da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, "onde hai moita xente con cousas que dicir".

O catálogo desta nova editorial abrangue polo de agora seis títulos, cos que se inicia a andadura de catro distintas coleccións.

Orixinais e clásicos

Baixo o nome de "Demademora" editase unha serie de libros destinada ós primeiros lectores, nenos que xa coñecen as letras e identifican palabras e frases aínda que precisan de textos curtos para

desenrolalo hábito da lectura. Estes exemplares tratan de recoller obras actuais de boa calidade literaria e contan con ilustracións escollidas para atraer e centra-la atención dos pequenos.

Nesta colección apareceron "Ganapán das Palabras", un relato rimado obra de Xosé María Álvarez Cáccamo —recente Premio da Crítica— e ilustrado por María Xosé Fernández, e mais "Mago A Mago B", que supón a primeira incursión no mundo editorial dos irmáns lugueses Cristina Mirinda e Rubén Carpetá.

Coa colección "Os Contos do Trasno Comodín", esta nova editorial pretende recuperar e adaptar á lingua galega textos clásicos universais

—moitos deles inéditos na nosa lingua— destinados á iniciación de nenos ou á lectura por parte de pais e mestres. A colección estreouse coa obra dos irmáns Grimm "A Casiña de Chocolate", adaptada e ilustrada por Macu Fontarigo, e mailo conto tradicional inglés "Os Tres Osos", editado con debuxos de Pepe Carreiro.

Nesta mesma serie inclúiranse

títulos como "O Príncipe Rá" e "Os Sete Cabritiños".

Esta mesma semana saíron ó mercado dous novos títulos cos que Kalandraka inaugura senllas coleccións: "Tras os Montes" incluírá traducións de contos actuais, como o divertido "A toupa que quería saber quen lle fixera aquilo na súa cabeza", orixinal de Frank Meyer. Pola súa banda, "Maremar" acollerá álbums de diferente formato aptos para o agasalho —pola súa moi coidada edición— e destinados, segundo

os responsables desta editorial, "a nenos de 9 a 99 anos".

Na colección "Maremar" saíran obras de creación "total" a nivel de texto e de imaxe. Trátase, pois, de libros especializados, cun carácter poético e un concepto de arte plástica no deseño de ilustracións e na edición.

"O ladrón de voces" é o primeiro título desta nova colección. O libro —exquisitamente presentado— relata unha historia poboada de soños escrita por Rafael Fernández Lorenzo e ilustrada pola mestra de Belas Artes Loreto Blanco.

✱ "Queremos abrírlle campo ós novos autores e ilustradores da comunidade"

✱ As coleccións de Kalandraka abranguen obras clásicas, actuais e tamén inéditas